



m-eu-maz
xan vieito

m-eu-mar

“M-Eu-Mar” é unha comunión entre o mar e o artista, entre o artista e o mar, a través do tempo e do coñecemento mutuo.

O mar exprésase a miúdo de distintos xeitos. Dorme, brinca, chora, ri, ama, berra, alporízase.... ou reláxase placidamente ao atardecer.

Ao mar, nos seus tempos longos, dálle tempo a esculpir fermosos traballos de deseño sobre as duras rochas das simas mariñas ou, mesmo, nos cantís que non lle deixan camiñar terra a dentro, transformándoos e dándolles unha vida nova.

Pero é nos seus tempos curtos, nos tempos das mareas, cando ao mar lle gusta conversar, cando manifesta a súa capacidade artística a quen sabe entendela. É, neses tempos, cando aproveita para debuxar, pintar ou esculpir sobre a area. Liñas, labirintos, nubes, árbores, inmensas fragas son, ao mesmo tempo, xogos e anxeios do mar. O único que pode facer o artista ante tanta marabilla e só extasiarse e tentar amosarllo ao mundo.

O mar cóntalle cousas ao artista e este cóntalle cousas ao mar. A vella cuncha dunha ostra sírvelles a ambos como soporte para acadar un diálogo agarimoso no que se entrelazan os sentires do mar e do home, no que ambos os dous gozan, no que o mar é artista e o artista é mar.

“M-Eu-Mar” é, en síntese, unha obra teatral en tres actos na que se amosa o camiño percorrido polos dous, mar e artista, para acadar esta fermosa comunión...

No acto primeiro, o mar conversa co artista nos tempos curtos. Decora o escenario con fermosos debuxos e baixorrelevos traballados sobre a area mollada e entrégalle ao artista unha vella cuncha de ostra traballada, con mimo, a través dos seus tempos longos. Nela fálalle das súas ledicias e das súas inquedanzas. Fálalle tamén da súa relación cos astros do ceo cos que ten que convivir, dos caprichosos deuses do mar a quen ten que lles soportar as súas teimas e antollos e fálalle tamén, como non, de todo o fermoso mundo que alberga no seu interior.

No acto segundo o artista dialoga co mar a través da vella cuncha recibida, dándolle unha vida, unha nova vida. Por medio dela cóntalle ao mar cousas do mundo que lle toca vivir, dos animais e plantas que existen cara ao interior. Fálalle, como non, do ser humano e da súa voracidade co conxunto do planeta —terra e mar— que lle foi regalado. É neste segundo acto cando o artista se mergulla desenvolvendo a súa actividade creativa. Pintura, fotografía ou vídeo, ou mesmo poesía e literatura, emerxen desta relación co seu mar.

No acto terceiro a vella cuncha, coa súa nova alma transformada polo artista, volve ao mar e este sorrí de ledicia co agasallo.

Péchase o pano...

Xan Vieito



Animal-ario 1



Animal-ario 2

HR fotografías s/ dibón 80 x 80 cm




Animal-ario 3. HR fotografía s/ dibón 107 x 80 cm



Xira-n-dela 3-1
 HR fotografía s/ dibón
 100 x 70 cm



Xira-n-dela 3
 Técnica mixta
 32 x 24 cm



Peixes-na-mora-dos. Técnica mixta 32 x 24 cm




Bi-nomio-sedutor 1



Bi-nomio-sedutor 2


HR fotografías s/ dibón 100 x 70 cm



Bi-nomio-sedutor 3. Técnica mixta 32 x 24 cm



Moni-creques 2 (detalle). HR fotografía s/ dibón 100 x 100 cm



Moni-creques 2. Técnica mixta 32 x 24 cm

Dixome o mar...

Dixome o mar de fóra

Dixome o mar que fora

Amodiño, caladiño...

A estar con el pola aurora

Amigo, has vir ben cedo

Amigo, non teñas medo

A frescura da mañá

Será nosa, compañeiro

Nus, os dous camiñaremos


Perdidos no espazo tempo

Veremos saír o sol

E iremos co vento

Xan Vieito.





On-falo-cele 2. Técnica mixta 70 x 50 cm



Cuarto-minguante 1



Cuarto-minguante 2

HR fotografías s/ dibón 80 x 80 cm




Cuarto-minguate 3. HR fotografía s/ dibón 107 x 80 cm




Pedra-furada 1. HR fotografia s/ dibón 100 x 70 cm



Pedra-furada 2. Técnica mixta 70 x 50 cm




Umbilicus 1



Umbilicus 2

HR fotografías s/ dibón 80 x 80 cm



Umbilicus 3. HR fotografía s/ dibón 107 x 80 cm

DATAS E HORARIOS

Do 11 ao 15 de setembro de 2026

De luns a venres, de 9 a 21 h

Sábados, domingos e festivos, de 10 a 14:30 h e de 16:30 a 20 h

Do 16 ao 27 de setembro de 2026

De luns a venres, de 8 a 20 h

Sábados e festivos, de 10 a 14 h e de 16 a 19 h

Domingos, de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións

Praza de Santa María, s/n

Pontevedra



Deputación
Pontevedra

